

Disposición derogatoria

Queda derogada a Orde do 3 de xuño de 1997 pola que se establece a obrigatoriedade da identificación do persoal facultativo e auxiliar das oficinas de farmacia.

Disposición derradeira

Esta disposición entrará en vigor no prazo de vinte días contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2008.

María José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Orde do 11 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación indefinida das mulleres como medida para lograr un mercado de traballo igualitario, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través dos decretos 211/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e mailo Decreto 536/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, modificado polo Decreto 20/2007, do 22 de febreiro, e polo Decreto 14/2008, do 7 de febreiro, a Consellería de Traballo asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

No marco establecido no artigo 40 da Constitución española, nos artigos 29 e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, e nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea, uns dos obxectivos prioritarios é a urxente necesidade de facer efectiva a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e de acadar así unha verdadeira integración da muller no mercado laboral. As condicións laborais das mulleres galegas é unha preocupación que se reflicte claramente no Acordo polo emprego asinado o 5 de febreiro, froito do ambicioso proceso de concertación social que se desenvolveu desde novembro de 2005, entre a Xunta de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a UGT-Galicia e o Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia, en que se inclúe un amplo abano de medidas para un novo marco de relacións laborais en Galicia na busca dun

mercado de traballo galego máis produtivo, máis estable e seguro e, o que é fundamental, menos discriminatorio para as mulleres galegas. En concreto, no Acordo sobre obxectivos e medidas para o emprego en Galicia, dedícase o capítulo 4 aos obxectivos e medidas en materia de políticas en favor da igualdade, e establécense medidas de fomento do emprego de mulleres cara a conseguir unha participación en pé de igualdade da muller no mercado laboral.

Esta orde responde ao obxectivo de integrar o principio de igualdade na política de emprego da Xunta de Galicia establecido na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. Así, nesta orde recóllese o establecemento de medidas de discriminación positiva en favor do sexo menos representado no mercado laboral.

Nesta orde recóllense como beneficiarios específicos determinados colectivos da disposición adicional sexta de Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, tales como mulleres cunha situación de paro de longa duración, mulleres na busca do primeiro emprego, mulleres desempregadas titulares de familias monoparentais que teñan cargas familiares. O resto de colectivos establecidos na antedita disposición adicional incentívanse a través da orde específica que regula os programas de incentivos aos colectivos en risco de exclusión social.

Por outra banda, e cara á consecución do obxectivo de incrementar a estabilidade no emprego asalariado, exíxese para poder acceder aos beneficios desta orde acadar unha taxa de estabilidade do 75%, superior en 2,5 puntos á taxa de estabilidade exixida no ano anterior.

Esta prioridade responde á convicción de que para lograr unha sociedade harmónica e máis xusta é necesario que todos os seus membros, e especialmente as mulleres, poidan ter as mesmas oportunidades de acceder a un posto de traballo que lles permita o normal desenvolvemento da súa vida profesional e laboral.

No marco das políticas activas de emprego, desenvolvidas pola Xunta de Galicia, os incentivos á contratación por conta allea configúranse como un instrumento para facilitar o acceso e permanencia no emprego de grupos de traballadores con maiores dificultades e pola súa vez como unha ferramenta para fomentar a estabilidade laboral das novas contratacións e dos cadros de persoal das empresas galegas.

Na programación dos incentivos para o ano 2008, o colectivo feminino segue a ser un dos especialmente atendidos no conxunto dos incentivos á contratación indefinida, co obxectivo de poñer á disposición das mulleres galegas medidas activas de política laboral que favorezan a súa inserción no mercado de traballo, a súa representación equilibrada en todas as profesións e sectores de actividade, así como unha maior participación na taxa de actividade e de ocupación, e que pola súa vez contribúan a

reducir o diferencial da taxa de desemprego entre homes e mulleres.

Co dito fin, e para seguir incidindo na mellora da situación de emprego das mulleres galegas, no presente ano os incentivos á contratación por conta allea, plásmanse nunha orde propia dirixida exclusivamente ao colectivo de mulleres, na súa consideración de colectivo beneficiario, incidindo en todas aquelas situacións que dificultan o seu acceso ao mercado laboral.

Xunto con estas medidas, e dada a necesaria complementariedade entre as actuacións da Administración autonómica e as de ámbito estatal cara ao logro da inserción da muller no mundo laboral, as axudas para o fomento do emprego da muller establecidas pola Xunta de Galicia son compatibles cos programas estatais de fomento do emprego aplicable a todo o Estado.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras do programa de fomento da contratación por conta allea das mulleres desempregadas. Regúlanse os incentivos á contratación indefinida tanto inicial como a transformación de determinados contratos temporais en indefinidos, dirixidos a impulsar a estabilidade laboral nas empresas galegas, o crecemento global do emprego, así como a inserción laboral do colectivo feminino.

As bases reguladoras do programa regulado nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que de acordo coa finalidade e obxecto do programa non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Neste marco de actuación, as bases reguladoras destes incentivos e a súa convocatoria, para o presente exercicio, axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, e no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

As axudas recollidas nesta orde financiaranse con cargo aos créditos das aplicacións orzamentarias que, para o exercicio 2008, recóllense na disposición adicional sétima da orde.

Por todo o exposto, e no desenvolvemento da planificación presentada ante o Comité Autonómico de Emprego, na súa reunión do día 28 de novembro de 2007, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro,

modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

FINALIDADE, PRINCIPIOS DE XESTIÓN E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1º.-Obxecto, finalidade e principios de xestión.

1. Coa finalidade de favorecer o emprego estable e facilitar a inserción laboral das mulleres traballadoras que presentan desvantaxes e dificultades particulares para acceder ou permanecer no mercado de traballo, a presente orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2008 dos incentivos a súa contratación indefinida.

2. As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas e subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en canto non se opoña ao establecido nesta lei, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, e no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e nesta orde.

3. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo.
- c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

1. Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nesta orde as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídos autónomos, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten por conta allea traballadoras pertencentes aos colectivos relacionados no artigo 3º para prestar servizos en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que se cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para os distintos tipos de axudas e non incorran nas circunstancias previstas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de sociedades civís e comunidades de bens deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastan-

tes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

Artigo 3º.-*Colectivos.*

Para os efectos dos incentivos regulados nesta orde, defínense como colectivo beneficiario as mulleres maiores de 31 anos en que concurra algunha das seguintes circunstancias:

a) Mulleres desempregadas de longa duración: toda muller que estivese sen traballo 12 dos anteriores 16 meses, ou durante 6 meses dos anteriores 8, se fose maior de 45 anos.

b) Mulleres desempregadas titulares de familias monoparentais que teñan cargas familiares ou desempregadas de unidades familiares nas cales ningún dos seus membros en idade laboral obteña rendas de calquera natureza superiores ao 75% do IPREM vixente no momento da solicitude.

c) Mulleres desempregadas, cando se contraten para prestar servizos en profesións ou ocupacións en que estean subrepresentadas segundo a orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 16 de setembro de 1998 (BOE do 29 de setembro) para o fomento do emprego estable de mulleres nas profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino.

d) Mulleres desempregadas que se reincorporen ao mercado de traballo tras unha ausencia prolongada dun mínimo de dous anos.

e) Mulleres desempregadas que sexan contratadas nos 24 meses seguintes á data do parto.

f) Mulleres desempregadas demandantes de primeiro emprego.

g) Mulleres demandantes de emprego que rematen o seu itinerario personalizado de inserción nunha ocupación e sexan contratadas nela.

h) Mulleres emigrantes retornadas.

i) Mulleres desempregadas que non estean incluídas en ningún dos colectivos anteriores.

Artigo 4º.-Ámbito de aplicación, contratacións subvencionables e definicións.

1. Esta orde ten por obxecto fomentar a contratación por conta allea das traballadoras incluídas no artigo 3º, a través das seguintes axudas:

a) Axudas ás contratacións indefinidas iniciais, a tempo completo e a tempo parcial, que se realicen con traballadoras desempregadas que estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación, pertencentes a algún dos colectivos relacionados no artigo 3º desta orde.

b) Axudas ás transformacións en indefinidos de contratos para a formación, en prácticas, de revezamento, de substitución por anticipación da idade de

xubilación e de interinidade, calquera que sexa a data da súa celebración, sempre que no momento da contratación temporal a muller fose maior de 31 anos de idade.

Cando se trate de contratos de interinidade, a súa transformación en indefinido só poderá ser obxecto de subvención cando se manteña o posto do traballador substituído, o que terá que acreditarse.

No caso de transformación de contratos temporais a tempo completo, a xornada do novo contrato indefinido será tamén a tempo completo, agás as transformacións de contratos temporais en indefinidos na súa modalidade de fixo-descontinuo.

Nos supostos de transformación de contratos temporais a tempo parcial, a xornada do novo contrato indefinido deberá ser, como mínimo, igual á do contrato que se transforma.

Para os efectos desta orde, entenderase que se produce a transformación en todos aqueles casos en que ambas as dúas modalidades contractuais se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos en que o inicio da relación laboral indefinida ten lugar ao día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal, incorporándose á empresa con carácter estable sen ruptura de continuidade na relación laboral.

2. Para os efectos do cálculo da taxa de estabilidade e do incremento do persoal fixo na empresa, ao persoal contratado con contratos de interinidade consideraráselle a mesma condición de fixo ou temporal que a persoa que substitúe. Se o traballador con contrato de interinidade substitúe a un traballador con obriga de cotización, e que consta no TC2, o interino non se computa.

3. Para os efectos das axudas recollidas nesta orde, terán a consideración de mulleres desempregadas aquelas que estean inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da contratación e que, pola súa vez, carezan de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

4. As ditas contratacións e transformacións, para que poidan ser obxecto de subvención, deberán formalizarse por escrito e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, así como observar os requisitos e prescricións establecidas na normativa de aplicación.

Artigo 5º.-*Requisitos das empresas.*

Para poder acceder aos beneficios establecidos nesta orde, as empresas deberán cumprir as seguintes condicións e requisitos:

a) A taxa de estabilidade do cadro de persoal da empresa no mes da contratación obxecto de solicitude de subvención, deberá ser igual ou superior ao 75%.

Para os efectos do anterior, entenderase por taxa de estabilidade a porcentaxe de persoal traballador fixo sobre o total do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

b) Como consecuencia da contratación indefinida, inicial ou por transformación, que se fomenta ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral, sendo unicamente subvencionables as contratacións que superen a dita media.

Para os efectos do cómputo do incremento do cadro de persoal fixo, non se terán en conta as baixas dos traballadores e traballadoras que se producen por propia vontade do traballador ou traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas.

c) As contratacións indefinidas iniciais deberán supoñer incremento do cadro global de persoal da empresa no ámbito territorial de Galicia, de modo que supere a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da prestación laboral pola que se solicita subvención.

Artigo 6º.-Axudas.

1. As contratacións indefinidas iniciais, a xornada completa ou a tempo parcial, incluídos os fixos-descontinuos, incentivaranse cunha axuda de 7.500 euros, cando a muller contratada pertenza a algún dos seguintes colectivos:

a) Mulleres desempregadas de longa duración: toda muller que estivese sen traballo 12 dos anteriores 16 meses, ou durante 6 meses dos anteriores 8, se fose maior de 45 anos.

b) Mulleres desempregadas titulares de familias monoparentais que teñan cargas familiares ou desempregadas de unidades familiares nas cales ningún dos seus membros en idade laboral obteña rendas de calquera natureza superiores ao 75% do IPREM vixente no momento da solicitude.

c) Mulleres desempregadas, cando se contraten para prestar servizos en profesións ou ocupacións en que estean subrepresentadas segundo a orde do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais do 16 de setembro de 1998 (BOE do 29 de setembro) para o fomento do emprego estable de mulleres nas profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino.

d) Mulleres desempregadas que se reincorporen ao mercado de traballo tras unha ausencia prolongada dun mínimo de dous anos.

e) Mulleres desempregadas que sexan contratadas nos 24 meses seguintes á data do parto.

f) Mulleres desempregadas demandantes de primeiro emprego.

g) Mulleres demandantes de emprego que rematen o seu itinerario personalizado de inserción nunha ocupación e sexan contratadas nela.

h) Mulleres emigrantes retornadas.

2. As contratacións indefinidas iniciais, a xornada completa ou a tempo parcial, incluídos os fixos-des-

continuos, realizadas con mulleres desempregadas maiores de 31 anos que non estean incluídas en ningún dos colectivos anteriores, incentivaranse cunha axuda de 2.000 euros. Cando as ditas mulleres procedan de empresas en crise, as contratacións incentivaranse cunha axuda de 7.500 euros.

3. As transformacións en indefinidos dos contratos temporais que reúnan os requisitos e condicións establecidos nos artigos 4º e 5º desta orde, incentivaranse cunha contía de 3.000 euros.

4. Cando se trate de contratacións a tempo parcial, a contía dos incentivos establecidos nos puntos anteriores serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria legal.

Artigo 7º.-Exclusións.

Exclúense dos beneficios regulados nesta orde:

a) As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

b) Os contratos realizados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revisitan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

c) Contratacións realizadas con traballadoras que, nos 24 meses anteriores á data da contratación, prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato por tempo indefinido.

O disposto no parágrafo precedente será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior da traballadora con empresas ás cales os solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

d) Traballadoras que rematasen unha relación laboral de carácter indefinido nun prazo de tres meses previos á formalización do contrato polo que se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas no artigo 51 e 52 c) do Estatuto dos traballadores.

CAPÍTULO II

COMPETENCIA E PROCEDEMENTO

Artigo 8º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións presentadas ao abeiro

desta orde, por delegación do conselleiro de Traballo, corresponderalles:

1. Aos delegados e ás delegadas provinciais da Consellería de Traballo cando a contratación se realice para prestar servizos en centros de traballo radicados na respectiva provincia, agás nos supostos previstos no punto seguinte.

2. Ao director xeral de Promoción do Emprego cando as contratacións se realicen para prestar servizos en centros de traballo radicados en varias provincias ou no suposto de que a solicitude se realice pola contratación de 30 ou máis traballadoras.

Artigo 9º.-Solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiránse ao órgano competente para resolver, e presentaranse nos rexistros das respectivas delegacións provinciais ou, se é o caso, na Dirección Xeral de Promoción do Emprego da Consellería de Traballo, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As axudas desta orde solicitaránse nos dous meses seguintes á data en que se inicie a relación laboral ou se produza a transformación do contrato temporal en indefinido.

O prazo para a presentación das solicitudes de axudas rematará o 15 de setembro de 2008, aínda que nesa data non transcorresen dous meses desde a celebración do contrato obxecto de subvención.

3. As solicitudes de axudas polas contratacións indefinidas iniciais de mulleres desempregadas pertencentes aos colectivos establecidos no artigo 3º e polas transformacións en indefinidos de contratos temporais, que reúnan os requisitos e condicións establecidos nos artigos 4º e 5º desta orde, realizadas dende o 16 de setembro do 2007 e ata a data da publicación da presente orde, poderán presentarse ata o 31 de maio de 2008.

4. As solicitudes e os anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo: <http://traballo.xunta.es>.

5. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado, comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, e deberá presentar coas solicitudes as devanditas certificacións.

6. Mediante a presentación da solicitude de subvención o interesado presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e

facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

7. Coa presentación da solicitude de subvención o interesado autoriza expresamente a Consellería de Traballo para que de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario co que se imputan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención, e na páxina web oficial da Consellería de Traballo.

8. Para a presentación das solicitudes de axudas os beneficiarios poderán contar coa información e asesoramento dos axentes de emprego da rede coordinada pola Consellería de Traballo (www.tecnico-sempregogalicia.xunta.es).

Artigo 10º.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados (anexos I e II) que figuran como anexos numéricos a esta orde, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Se o solicitante é persoa física, DNI e acreditación do NIF, e, se é persoa xurídica, DNI e poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Relación nominal das traballadoras polas que se solicita subvención, con indicación do suposto e tipo de axuda que se solicita (anexo III-A ou III-B).

3. Declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia en cada un dos doce meses anteriores á data de inicio da relación laboral da traballadora contratada ou da transformación, así como da taxa de estabilidade no mes da contratación obxecto de solicitude de subvención (anexo IV).

Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas no artigo 5º.

4. Copia simple do DNI da traballadora.

5. No caso de contratacións iniciais: documentos acreditativos do tempo de permanencia no paro segundo os datos do informe de vida laboral na Tesouraría Xeral da Seguridade Social, copias dos

contratos de traballo e altas na Seguridade Social e, de ser o caso, dos períodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego.

6. No caso de transformacións: o contrato temporal de que trae causa e as súas posibles prórrogas, así como a comunicación da conversión do contrato temporal en indefinido á oficina pública de emprego e a comunicación de variación de datos á Seguridade Social.

7. Documentos acreditativos das características que determinen a súa pertenza aos correspondentes colectivos.

8. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo V).

9. Declaración da estrutura da empresa e do emprego (anexo VI).

10. Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo VII).

11. Documentación acreditativa de que se encontraren ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma, unicamente no suposto de que o solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

12. Nómina correspondente ao mes en que se realiza a contratación da traballadora obxecto de solicitude de subvención ou, se é o caso, declaración da empresa en que se faga constar os custos salariais totais do dito mes.

Artigo 11º.-*Instrución e tramitación.*

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación exixida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán o interesado para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fíxese, se considerará desistido da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da antedita lei.

Artigo 12º.-*Procedemento de concesión, resolución e recursos.*

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao dis-

posto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será nas delegacións provinciais da Consellería de Traballo os servizos de Promoción do Emprego e en servizos centrais, o Servizo de Programación e xestión.

3. Logo da fiscalización pola intervención das propostas emitidas polo correspondente servizo, as resolucións serán ditadas polo órgano competente por delegación do conselleiro de Traballo e deberán serlles notificadas aos interesados. As resolucións de concesión ou denegación deberán ser sempre motivadas.

4 O prazo para resolver e notificar será de seis meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 13º.-*Xustificación e pagamento.*

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se establezan na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

a) Declaración complementaria da establecida no artigo 10º.8 desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo V).

b) Documentos TC2 correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión ou, se é o caso, certificación da Tesouraría Xeral da

Seguridade Social en que conste o número de persoas traballadoras con contrato indefinido, o das persoas traballadoras con contrato de interinidade e das demais persoas traballadoras temporais en cada unha das ditas mensualidades no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

2. Non obstante o sinalado no punto anterior, a documentación exixida para a fase de pagamento poderase presentar xunto coa solicitude, á opción do interesado. Neste suposto poderán tramitarse conjuntamente a concesión e o pagamento da axuda.

3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres o beneficiario non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, e fronte á Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Artigo 14º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación.

Artigo 15º.-Revogación e reintegro.

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial das axudas, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 17º.5 desta orde, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido no antedito artigo, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

b) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 17º.6 desta orde, o cálculo da contía que se reintegrará farase de acordo coa redución do cadro de persoal fixo en cómputo anual. Así, procederá o reintegro dunha contía equivalente ao importe do incentivo menor pagado no expediente de que se trate.

c) Cando en cómputo anual a taxa de estabilidade se reduza e esta diminución sexa como consecuencia dun incremento neto, procederá a devolución parcial da subvención concedida. Para o cálculo da contía que hai que reintegrar, terase en conta a diminución en tramos de 5 puntos da taxa de estabilidade establecida no artigo 5º a) desta orde, de xeito que por cada minoración comprendida dentro do intervalo de

5 puntos, se reintegrará o 10% da subvención concedida, e así sucesivamente.

3. En todos os supostos de incumprimento de obrigas non recollidos no punto 2 deste artigo procederá o reintegro total da subvención concedida á empresa beneficiaria.

4. As obrigas de reintegro establecidas nos parágrafos anteriores, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

CAPÍTULO III

INCOMPATIBILIDADES E OBRIGAS

Artigo 16º.-Incompatibilidades e concorrencia.

1. As axudas previstas nesta orde para as contratacións por conta allea serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. As ditas axudas son compatibles, se é o caso, con incentivos en forma de bonificacións á Seguridade Social.

2. Para o caso de que se solicitasen os incentivos previstos nesta orde pola transformación dun contrato temporal subvencionado, e a conversión se produza con anterioridade á duración mínima inicial do contrato temporal, compensarase a parte da subvención concedida correspondente ao período non esgotado, reducindo na mesma contía o incentivo pola transformación do contrato en indefinido.

3. Os beneficios establecidos á contratación nesta orde non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 50% do custo salarial anual correspondente ao contrato que se subvenciona.

4. Os incentivos establecidos nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-Obrigas dos beneficiarios.

Son obrigas dos beneficiarios das axudas e subvencións:

1. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

2. Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións,

ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo, así como, se é o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1828 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) nº 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15-2-2007).

4. O sometemento ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo, ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

5. Manter no seu cadro de persoal fixo as traballadoras contratadas ao abeiro desta orde, por un período mínimo de tres anos.

No suposto de extinción da relación laboral da traballadora pola que se concedese a subvención, a cobertura do posto por unha nova traballadora, que deberá estar incluída nos colectivos establecidos no artigo 3º, e deberá reunir os mesmos requisitos do contrato inicial, terá que realizarse dentro do mes seguinte ao da baixa, feito que deberá ser comunicado pola empresa beneficiaria ao órgano competente que concedese a axuda, dentro dos 20 días seguintes á substitución. Esta nova contratación en ningún caso dará lugar a unha nova axuda. Esta obriga manterase durante tres anos desde a data de realización do contrato indefinido obxecto de subvención.

6. Manter o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal, en cómputo anual, durante polo menos tres anos, que se contarán desde a data de realización da contratación.

7. Manter a composición da estrutura do cadro de persoal da empresa en Galicia cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 75%, no seu cómputo anual, durante polo menos tres anos desde o mes en que se realice a contratación subvencionada.

Co fin de garantir o cumprimento do anterior, as empresas beneficiarias deberán presentar nos tres meses seguintes e durante os tres anos posteriores ao de realización das contratacións, unha declaración da media de persoal traballador fixo e temporal no conxunto dos centros de traballo en Galicia nun

período de 12 meses contados desde o mes de realización das contratacións, así como o TC2 correspondente ao mes en que se efectuaron as ditas contratacións.

8. Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18º.-*Seguimiento e control.*

As delegacións provinciais e a Dirección Xeral de Promoción do Emprego, poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, os beneficiarios deberán cumprir as obrigas que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 19º.-*Réxime de axudas.*

1. As axudas ás contratacións indefinidas iniciais que reúnan as condicións e requisitos establecidos nesta orde, están amparadas na súa adecuación ao dereito comunitario polo seu sometemento ao Regulamento (CE) nº 2204/2002, da Comisión da Unión Europea, do 12 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais para o emprego (DOCE L337, do 13 de decembro).

O antedito regulamento aplicarase ás axudas concedidas en todos os sectores, incluídas as actividades relacionadas coa produción, transformación e comercialización de produtos que figuran no anexo I do tratado.

Non se aplicará ás axudas concedidas aos sectores da minaría e a construción naval.

2. As axudas polas transformacións en indefinidos dos contratos temporais, que reúnan as condicións e requisitos establecidos nesta orde, quedan sometidas ao réxime de axudas de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (CE) Nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas *de minimis*. Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución das solicitudes de subvención. Polo tanto a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada.

Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se establece no Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello.

b) Producción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do Tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a países terceiros ou estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) nº 1407/2002.

e) Empresas en crise.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Traballo levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar as ditas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Traballo para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde, agás aqueles que de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopan en poder da administración actuante.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións do conselleiro de Traballo nos delegados/as provinciais, no ámbito das súas respectivas provincias, e no director xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias de que traen causa, dadas por delegación del conselleiro.

Cuarta.-A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego non ocupado, na data de alta na Seguridade Social das traballadoras, será realizada directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto do da Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinta.-Para os efectos do sinalado no artigo 3º, letra b), terá a consideración de titular de familia monoparental e con cargas familiares, a muller solteira, viúva, separada ou divorciada que teña ao seu coidado fillas ou fillos menores de 21 anos ou persoas maiores incapacitadas e que non obteñan ingresos de calquera natureza superiores ao 75% do IPREM vixente no momento da solicitude.

Para os efectos do sinalado no artigo 3º, letra h), terán a consideración de mulleres retornadas aquelas emigrantes que cumpran coa condición de que non transcorresen máis de dous anos entre a data do retorno e a data da alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

Para os efectos do sinalado no artigo 6º desta orde terán a consideración de mulleres desempregadas procedentes de empresas en crise aquelas traballa-

doras cuxa relación laboral se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 51 e 52 c) do Estatuto dos traballadores.

Sexta.-A concesión das axudas e subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución do director xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Sétima.-No exercicio económico 2008, as axudas recollidas nesta orde, entre outras, financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 16.02.322C.470.2, código de proxecto 2007 00 675, cun crédito de 3.792.691 euros; 16.02.322C.470.3, código de proxecto 2007 00 676, cun crédito de 10.000.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2007 00 678, cun crédito de 6.000.000 euros; 16.02.322C.470.4, código de proxecto 2007 00 679, cun crédito de 8.351.519 euros; 16.02.322C.470.6, código de proxecto 2007 00 749, cun crédito de 6.000.000 euros; 16.02.322C.472.1, código de proxecto 2008 00 551, cun crédito de 4.820.142 euros; 16.02.322C.472.4, código de proxecto 2008 00 566, cun crédito de 1.326.593 euros, 16.02.322C.481.1, código de proxecto 2007 00 682, cun crédito de 300.000 euros.

Estas contías están recollidas na Lei 16/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008, e constitúen o importe global para a financiamento desta orde; da orde pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación por conta allea de persoas desempregadas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008; e das demais ordes que establezan as bases das medidas de fomento do emprego, incentivos á contratación por conta allea e actuacións de apoio a persoas emprendedoras, autoemprego e economía social, incluídos no programa orzamentario 322C.

Así mesmo, os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2008.

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO

ANEXO I

UNIÓN EUROPEA

Fondo Social
Europeo



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO FOMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE MULLERES (INDICAR CUN "X" AS QUE SE SOLICITAN) <input type="checkbox"/> CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL. <input type="checkbox"/> TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS.	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR347H	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA EMPRESA

NOME OU RAZÓN SOCIAL	DNI / NIF	Nº INSCRICIÓN NA SS		
ENDEREZO SOCIAL		Nº DE TRABALLADORES (1)		
LOCALIDADE/CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓN)		CNAE	DATA ALTA NO IAE	
CONVENIO COLECTIVO (2)		CORREO ELECTRÓNICO		
Nº DE CONTRATACIÓN POLAS QUE SOLICITA SUBVENCIÓN:		Nº CONTRATOS INDEFINIDOS INICIAIS	Nº TRANSFORMACIÓN	

(1) Número de traballadores da empresa no ámbito territorial de Galicia

(2) Denominación e data de publicación

CENTRO DE TRABALLO (ENDEREZO, LOCALIDADE, CONCELLO, PROVINCIA, CP E TELÉFONO)	Nº DE TRABALLADORES DO CENTRO DE TRABALLO
---	---

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI	TELÉFONO
ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
CONCELLO	FAX	EN CALIDADE DE	

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO	PROVINCIA		
LOCALIDADE/CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DECLARA QUE:

- a) Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- b) Non se incorre en ningunha das causas de incompatibilidade sinaladas no artigo 16º, non concorre ningunha das causas de exclusión establecidas no artigo 7º, cúmprense os requisitos do artigo 4º e 5º, e réunense as condicións para poder ser beneficiaria de acordo co establecido no artigo 2º.
- c) Indicar o que corresponda:
- Non solicitou nin percibiu ningunha outra axuda dunha administración ou entidade pública para o mesmo proxecto.
- Percibiu ou solicitou as axudas que se indican na relación que se xunta (anexo V).
- Se é o caso, ter dereito á bonificación de cotas á Seguridade Social que constan no/s correspondente/s contrato/s de traballo.
- d) A empresa conta con centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, segundo a seguinte distribución provincial:
- A Coruña ¹ Lugo ¹ Ourense ¹ Pontevedra ¹
- e) Non se incorre nas circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- f) Autoriza a obtención dos certificados establecidos no artigo 9.5º da orde de convocatoria.
- g) De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, AUTORIZO EXPRESAMENTE a consellería a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial, e nos rexistros públicos correspondentes, dos datos de carácter persoal que existen nas referidas normas, referidos tanto á información sobre as axudas concedidas como ás sancións, que como consecuencia delas pudiesen impoñerse.

e SOLICITA:

As subvencións correspondentes ás contratacións arriba indicadas, dos traballadores que figuran no anexo III (A ou B) que se xunta, e para os supostos e tipos de incentivo que se describen nela e se acreditan coa documentación que se xunta relacionada no anexo II.

¹ Número

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 11 de abril de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación indefinida das mulleres como medida para lograr un mercado de traballo igualitario, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA
Lugar e data
de 2008

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

- Delegado Provincial de
- Director xeral de Promoción de Emprego
- Indicar cun X o órgano a que se dirixe a solicitude

ANEXO II

FOMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE MULLERES

TR347H

EXPEDIENTE

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA
(INDÍQUESE CUN X A QUE SE PRESENTA)

- SE O SOLICITANTE É PERSOA FÍSICA, DNI E ACREDITACIÓN DO NIF (ART. 10º).
- SE O SOLICITANTE É PERSOA XURÍDICA, DNI E PODER SUFICIENTE DO REPRESENTANTE PARA ACTUAR NO NOME DA ENTIDADE E NIF DA EMPRESA (ART. 10º).
- RELACIÓN DAS TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN CON INDICACIÓN DO TIPO DE INCENTIVO QUE SE SOLICITA, NO MODELO ANEXO III-A, III-B (ARTIGO 10º).
- DNI DA TRABALLADORA (ART 10º).
- DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DAS CARACTERÍSTICAS QUE DETERMINEN A SÚA PERTENZA AO CORRESPONDENTE COLECTIVO (ARTIGO 10º).
- NO CASO DE CONTRATACIÓNS INICIAIS (ART. 10º):
- DE SER O CASO, CERTIFICADO DOS PERÍODOS DE INSCRIPCIÓN COMO DEMANDANTE DE EMPREGO NA OFICINA PÚBLICA DE EMPREGO.
- INFORME DA VIDA LABORAL NA TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL.
- CONTRATO DE TRABALLO.
- ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL.
- NÓMINA DO MES DA CONTRATACIÓN.
- NO CASO DE TRANSFORMACIÓNS DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS (ART. 10º):
- CONTRATO TEMPORAL DO QUE TRAE CAUSA E AS SÚAS POSIBLES PRÓRROGAS.
- COMUNICACIÓN DA CONVERSIÓN DO CONTRATO TEMPORAL EN INDEFINIDO Á OFICINA PÚBLICA DE EMPREGO.
- COMUNICACIÓN DA VARIACIÓN DE DATOS Á SEGURIDADE SOCIAL.
- NÓMINA DO MES DA TRANSFORMACIÓN.
- DECLARACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DA EMPRESA EN CADA UN DOS 12 MESES ANTERIORES Á CONTRATACIÓN E DA TAXA DE ESTABILIDADE NO MES DA CONTRATACIÓN, SEGUNDO O MODELO DO ANEXO IV (ART. 10º).
- SE É O CASO, DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DAS BAIXAS PREVISTAS NO ARTIGO 5 (ART. 10º)
- SE É O CASO, DECLARACIÓN COMPRENSIVA DO CONXUNTO DE AXUDAS OU SUBVENCIÓNS PARA O MESMO PROXECTO OU ACTIVIDADE SOLICITADAS OU CONCEDIDAS ANTE AS ADMINISTRACIÓNS OU ENTIDADES PÚBLICAS, OU, NOUTRO CASO, DECLARACIÓN NO MODELO DE SOLICITUDE DE QUE NON SE SOLICITOU NIN PERCIBIU NINGUNHA AXUDA SEGUNDO O ANEXO V (ART. 10º E 13º).
- DECLARACIÓN DA ESTRUCTURA DA EMPRESA E DO EMPREGO (ANEXO VI) (ART. 10º).
- FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA E CERTIFICACIÓN DA ENTIDADE BANCARIA ACREDITATIVA DE QUE O SOLICITANTE É TITULAR DA CONTA, SEGUNDO O MODELO ANEXO VII (ART. 10º).
- SE É O CASO, DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE QUE SE ENCONTRAN AO DÍA NAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS -ESTATAIS E AUTONÓMICAS- E COA SEGURIDADE SOCIAL (ART. 10º).

* A documentación exixida no art. 10º ten que presentarse xunto coa solicitude.

* A documentación exixida no art. 13º é necesaria para proceder ao pagamento da subvención; non obstante e para axilizar a tramitación do expediente, poderá ser presentada xunto coa solicitude, á opción do interesado.

EXPEDIENTE

Folla nº _____ de _____

ANEXO III - A

**FOMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE MULLERES: TR347H
RELACIÓN DE TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN (1)**

CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA

CÓDIGO CONTA COTIZACIÓN S.S.

(1) *Cando se solicite subvención pola contratación de traballadoras para máis dun centro de traballo na mesma provincia indícase o enderezo de todas elas. No caso de solicitudes competencia da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, presentárase unha relación de traballadoras por cada unha das provincias onde radiquen os centros de traballo da empresa onde vaiam prestar servizos as traballadoras polas que se solicita subvención.*

PROVINCIA: _____

RELACIÓN DE TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN					
APELIDOS E NOME	DNI	DATA DE NACEMENTO	TEMPO DE DESEMPREGO	XORNADA (2)	COLECTIVOS ART. 3(2)

(1) *Indíquese se a contratación se realiza a tempo completo (T.C.), ou a tempo parcial; neste caso, fágase constar a porcentaxe sobre a xornada ordinaria (T.P.:%).*
 (2) *Indíquese a letra do art. 3º correspondente e a descrición do colectivo:*
 a) *Mulleres desempregadas de longa duración.*
 b) *Mulleres titulares de familias monoparentais.*
 c) *Mulleres en profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino.*
 d) *Mulleres que se reincorporen tras ausencia de 2 anos.*
 e) *Mulleres contratadas nos 24 meses seguintes ao parto.*
 f) *Mulleres demandantes de primeiro emprego.*
 g) *Mulleres que realicen itinerario personalizado.*
 h) *Mulleres retornadas.*
 i) *Mulleres desempregadas non incluídas nos colectivos anteriores.*

O/A representante da empresa declara que, como se acredita coa documentación que se xunta, as traballadoras relacionadas cumpren os requisitos e condicións exixidos na orde de convocatoria para cada caso, e solicita a subvención correspondente ao colectivo que se indica.

Lugar e data

_____ de _____ de 200

(Sinatura do/a representante da entidade)

Asdo: _____

EXPEDIENTE

Foja nº _____ de _____

ANEXO III - B

**FOMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE MULLERES: TR347H
RELACION DE TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN (1)**

TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA

ENDIREZO DO CENTRO DE TRABAÑO (1)

CÓDIGO CONTA COTIZACIÓN S.S.

(1) *Cando se solicite subvención pola contratación de traballadoras para máis dun centro de traballo na mesma provincia indícarase o enderezo de todas elas. No caso de solicitudes competencia da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, presentarase unha relación de traballadoras por cada unha das provincias onde radiquen os centros de traballo da empresa onde vayan prestar servizos as traballadoras polas que se solicita subvención.*

PROVINCIA: _____

APELIDOS E NOME	DNI	DATA DE NACEMENTO	CONTRATO TEMPORAL QUE SE TRANSFORMA		XORNADA CONTRATACIÓN INDEFINIDA (4)	COLECTIVOS ART. 3 (6)
			MODALIDADE (2)	SUBVENCIÓN (3)		

RELACION DE TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

O/A representante da empresa declara que, como se acredita coa documentación que se xunta, as traballadoras relacionadas cumpren os requisitos e condicións exixidos na orde de convocatoria para cada caso, e solicita a subvención correspondente ao colectivo que se indica.

Lugar e data

_____ de 200

(Sinatura do/a representante da entidade)

Asdo: _____

- (1) *Indíquese a modalidade do contrato temporal que se transforma:*
- C. para a formación.
- C. prácticas.
- C. de revexamento.
- (2) *Indíquese se o contrato temporal foi subvencionado; neste caso, farase constar o procedemento, número de expediente e contía percibida.*
- (3) *Indíquese se a contratación se realiza a tempo completo (T.C.), ou a tempo parcial, neste caso, farase constar a porcentaxe sobre a xornada ordinaria (T.P.:%).*
- (4) *Indíquese a letra do art. 3º correspondente e a descrición do colectivo:*
a) *Mulleres desempregadas de longa duración.*
b) *Mulleres titulares de familias monoparentais.*
c) *Mulleres en profesións e ocupacións con menor índice de emprego feminino.*
d) *Mulleres que se reincorporen tras ausencia de 2 anos.*
e) *Mulleres contratadas nos 24 meses seguintes ao parto.*
f) *Mulleres demandantes de primeiro emprego.*
g) *Mulleres que realicen itinerario personalizado.*
h) *Mulleres retornadas.*
i) *Mulleres desempregadas non incluídas nos colectivos anteriores.*

ANEXO IV

FOMENTO DA CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE MULLERES: TR347H

DECLARACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DE TODOS OS CENTROS DE TRABALLO DA EMPRESA EN GALICIA
(NOS DOCE MESES ANTERIORES Á CONTRATACIÓN)

EXPEDIENTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA

CADRO DE PERSOAL DE TODOS OS CENTROS DE TRABALLO DA EMPRESA EN GALICIA

MESES	Nº TOTAL DE TRABALLADORES ⁽¹⁾	Nº DE TRABALLADORES TEMPORAIS ⁽²⁾	Nº DE TRABALLADORES FIXOS ⁽²⁾	Nº DE BAIXAS POR ALGUNHA DAS CAUSAS PREVISTAS NO ART. 5 ⁽³⁾
TOTAIS	A	B	C	D

⁽¹⁾ Deberán incluírse todos os traballadores polos que se cotizou segundo o TC2 no correspondente mes e respecto de todos os centros de traballo que teña a empresa na Comunidade Autónoma de Galicia, na primeira columna o total, na segunda os temporais e na terceira os fixos.

⁽²⁾ Os traballadores con contratos de interinidade para substituír traballadores fixos con reserva do posto de traballo inclúranse na columna terceira: nº de traballadores fixos. E non se incluírán na columna correspondente ao número de traballadores temporais.

⁽³⁾ Baixas dos traballadores con contrato indefinido que se producen por propia vontade ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas no correspondente mes.

MEDIA DO CADRO DE PERSOAL NO PERÍODO DE REFERENCIA

CADRO DO PERSOAL NO MES DA CONTRATACIÓN E TAXA DE ESTABILIDADE

MEDIA DA TOTALIDADE DO CADRO DE PERSOAL

(A):12:

MES:

MEDIA DOS TRABALLADORES FIXOS

(C):12:

Nº TOTAL DE TRABALLADORES:

MEDIA DO CADRO DE PERSOAL FIXO PARA DETERMINAR QUE CONTRATACIÓN SON SUBVENCIONABLES

(C-D):12:

Nº TRABALLADORES FIXOS:

Nº TRABALLADORES TEMPORAIS:

TAXA DE ESTABILIDADE (% T. FIXOS SOBRE O TOTAL):

A persoa que asina, no seu nome e no da entidade que representa, declara que os datos consignados son certos e que responden á evolución do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

Lugar e data

, de de 200

(Nome e apelidos e sinatura do/a representante da empresa e selo da empresa)

Asdo.:

ANEXO V

DECLARACION EXPRESA DOUTRAS AXUDAS E DE AXUDAS EN RÉXIME DE MÍNIMIS

EXP. Nº

PROCEDEMENTO

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

Don/Dona _____, con DNI nº _____
 no nome e representación da entidade _____
 con NIF/CIF nº _____ en calidade de _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS		ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
SOLICITADA	CONCEDIDA					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que esta entidade ten concedidas en réxime *de minimis* (Regulamento (CE) nº 1998/2006), neste ano e nos dous anteriores as seguintes axudas:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>				

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____
 (Sinatura e selo da entidade)

ANEXO VI

DECLARACIÓN DA ESTRUTURA DA EMPRESA E DO EMPREGO

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

D/D^a con DNI nº
 no nome e representación da entidade
 con NIF/CIF nº en calidade de

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE:

• A empresa a que represento:

- Ten a condición de PEME (1).
 Non ten a condición de PEME.

• Data de inicio da actividade:

• Os empregos creados polos cales se solicita a axuda:

- Non están ligados a un investimento.
 Están ligados a un investimento (2).

Contía do investimento: Data de remate do proxecto de investimento: Nº empregados xerados polo investimento: Nº empregados anteriores ao investimento:

• A empresa comprométese a manter no seu cadro de persoal os traballadores contratados durante o período e nos termos establecidos para o correspondente programa na orde de convocatoria.

• Así mesmo, no caso de empregos vinculados a un investimento, comprométese a manter os postos de traballo durante un período mínimo de 5 anos.

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

Lugar e data

, de de 200

(Sinatura e selo da entidade)

(1) *Definición de PEME segundo a Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003 (DOUE 124/36, do 20-5-2003):* terán esta consideración as unidades económicas con personalidade xurídica propia que cumpran coas seguintes condicións:

- a) Que teñan menos de 250 traballadores.
- b) Que teñan un volume de negocios anual non superior a 50 millóns de euros, ou ben un balance xeral anual, activo total, non superior a 43 millóns de euros.
- c) Que cumpran o criterio de independencia, tal e como se define a continuación:
 Que o seu capital ou os seus dereitos de voto non pertencan en máis dun 25% conxunta ou individualmente a empresas que non respondan á definición de PEME, salvo que estas sexan sociedades públicas de investimento, sociedades de capital risco ou investidores institucionais, sempre que estes non exerzan individual ou conxuntamente ningún control sobre a empresa.
- d) Para o cálculo dos límites das alíneas a) e b) anteriores, engadiranse as cifras correspondentes da empresa beneficiaria ás de todas as empresas nas cales posúa directa ou indirectamente o 25% ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto.

(2) *Empregos ligados a un investimento:* considerarase que un emprego está vinculado á execución dun proxecto de investimento sempre que se refira á actividade a que se destina o investimento e a súa creación se produza nos tres primeiros anos a partir da realización íntegra do investimento. Ao longo deste período, tamén están vinculados ao investimento os postos de traballo creados como consecuencia dun aumento da taxa de utilización da capacidade creada polo devandito investimento.

ANEXO VII

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

EXPEDIENTE

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	CONCELLO	CODIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATOS BANCARIOS			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
BANCO	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

Lugar e data

, de de 200

SINATURA DO/A SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Resolución do 7 de abril de 2008 pola que se convoca un curso sobre operativa policial nos casos de violencia sexista.

Dentro das actividades programadas para o ano 2008 en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do convenio de formación asinado entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Deputación Provincial de Pontevedra, anúnciase a celebración dun curso sobre operativa policial nos casos de violencia sexista, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Obxectivos.

-Coñecer os cambios normativos operados en relación coa temática do curso.

-Dominar o procedemento policial de actuación nos casos de violencia sexista.

-Saber cales son as demandas máis comúns desde a fiscalía e os xulgados sobre este tipo de actua-

cións, que permitan mellorar as dilixencias e os atestados.

Publicación.

Esta actividade formativa, e tamén todas aquelas que se desenvolvan en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra, será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e no BOP de Pontevedra.

Destinatarios.

Persoal dos corpos de policía local da provincia de Pontevedra. Pódense admitir tamén outros corpos de seguridade, no caso de non cubrir as prazas.

Inscrición.

A inscrición dos participantes será totalmente grauíta.

Prazas.

Ata 30 prazas, que serán outorgadas por rigorosa orde de entrada de solicitudes, tendo en conta o disposto na epígrafe de destinatarios.